



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro, 1
36995-Poio (Pontevedra)

MC

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS CATRO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL OITO.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta cinco minutos do día vinte e nove de abril de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e con asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. Irene Liger Iglesias, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; asiste como Secretaria a da Corporación D^a. Paula Ramos Díaz, asistindo como Interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3107.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 25 DE MARZO DE 2008.- Dáse conta da acta anterior do 25 de marzo de 2008, núm. 403, esta quedou aprobada por unanimidade.

3108.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Dáse conta á corporación do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3101.- APERTURA OFERTAS PRÉSTAMO 2008.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e formalizouse préstamo co Banco de Crédito Local; 3102.- ACORDO REGULADOR FUNCIONARIOS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Intervención e Tesourería Municipal; 3103.- INFORMES DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN SOBRE RECLAMACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3104.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 4/2008 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse anuncio no Boletín Oficial da provincia; 3105.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O TRANSPORTE

METROPOLITANO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3106.- COMPARECENCIA DO SR. E CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL SOBRE REALOXEMENTO DO BAO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente.

A Corporación dáse por enterada

3109.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola secretaria dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario as que estiveron expostas aos concelleiros na secretaria do concello, co resto dos expedientes incluídos na orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

3110.- RATIFICACIÓN DO ACORDO NUM. 5047 DA XGL DO 07/04/2008 SOBRE RESOLUCIÓN EXPED. CONTRADITORIO INCIDENCIA NO CÁLCULO DE ESTRUTURAS, EXPED. DE CONTRATACIÓN CASA CULTURA DE RAXÓ.- Dáse conta á corporación do expediente e do acordo núm. 5047 adoptado pola Xunta de Goberno Local do 7/04/2008 que di o que segue: "5047.-RESOLUCIÓN EXPEDIENTE CONTRADITORIO INCIDENCIA NO CÁLCULO DE ESTRUTURAS, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "CASA CULTURA DE RAXÓ".- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co artigo 83 do ROF, RD 2568/1986, de acordo coa maioría requirida no artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dáse conta aos asistentes do expediente tramitado ao abeiro do establecido no artigo 97 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da lei de contratos das administracións públicas.

O devandito expediente iníciase por decreto da alcaldía de 11 marzo de 2008, polo que dando traslado do informe emitido por M+2E, directores da obra do proxecto Casa de Cultura de Raxó, outorgábase un prazo de audiencia o contratista Professional Interservices, SA, de cinco días hábiles para que presentasen as alegacións que estimasen oportunas. No devandito decreto poñíase de manifesto ademais, a existencia doutros posibles incumprimentos do adxudicatario en relación coa demora na execución das obras que se deriva da inobservancia dos prazos marcados na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, así como da posible negligencia do deber de vixilancia e instalación na obra e pola súa conta dos almacéns precisos para asegurar a conservación dos materiais evitando a súa destrución, deterioro ou substracción. Desta forma a alcaldía reflectía no seu decreto as comunicacións recibidas no concello que poría sobre aviso ao órgano de contratación sobre a retirada por parte de provedores do contratista do material da obra, podendo afectar aos acopios autorizados e avalados pola adxudicataria.

Rematado o prazo de audiencia sen que se presentase polo contratista ningunha alegación e tendo en conta o informe emitido por M+2E, o expediente sométese a exame de intervención e

secretaría, emitíndose os seguintes informes:

Informe da interventora municipal de data 1 de abril que di:

Primeiro: en virtude das discrepancias xurdidas con relación ao expediente de contratación da Casa de Cultura de Raxó a Xunta de Goberno Local do pasado día 18 de febreiro acordou iniciar o correspondente expediente contradictorio con formación de comisión composta por representantes da Corporación, da empresa contratista e do equipo redactor do proxecto. Acordou igualmente dar traslado á empresa contratista e ao equipo redactor do acordo adoptado.

Segundo: o 22 de febreiro recíbese escrito da empresa contratista onde se pon de manifesto a súa opinión sobre os problemas de cálculo de estrutura existentes no proxecto.

Terceiro: ante a comunicación enviada ao equipo redactor do proxecto recíbese informe do mesmo o 10 de marzo onde se pon de manifesto a intervención dun Organismo de Control Técnico (OCT) Applus que foi contratado con cargo ás melloras presentadas na licitación da obra (o cal incumpre o destino que as mesmas deben ter segundo o disposto na oferta presentada pola empresa adxudicataria da obra Proinsa S.A.). No informe os directores de obra e redactores do proxecto expoñen que, ademais dun problema exposto pola empresa contratista con relación a un cambio de bovedilla en canto ao material da mesma a concesionaria puxo de manifesto un erro relativo a problemas de estrutura polos que, unilateralmente, Professional Interservices S.A. adoptou a decisión unilateral de paralizar os traballos.

O informe conclúe en que os directores de obra confían plenamente na estrutura deseñada no proxecto de execución e na estrutura deseñada orixinariamente e ordean (enviando un burofax o 3 de marzo á empresa contratista) a reanudación dos traballos na obra declarando que eles, como dirección facultativa da obra, son os responsables da mesma.

Cuarto: do mencionado informe se dá traslado o 12 de marzo mediante decreto da alcaldía á empresa concesionaria mediante burofax para que teña coñecemento do mesmo e se lle concede prazo de alegacións de 5 días como establece a normativa vixente.

Quinto: non consta no expediente informe do aparellador municipal, D. Fernando Sevilla Ricote, director executivo da obra como esta Intervención entende que corresponde ante a tramitación dun expediente contradictorio xurdido de discrepancias na obra.

Ante o exposto, Olga Fernández Rodríguez, interventora do Concello de Poio, en virtude das competencias que o artigo 213 e seguintes do RD 2/2004, de 5 de marzo lle atribúen emite o seguinte INFORME:

Primeiro: o artigo 143 do Real decreto legislativo

2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas establece con respecto aos contratos de obra que as obras se executarán con estrita suxeición ás estipulacións contidas no prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto e conforme ás intrucións que en interpretación técnica deste dera ao contratista ao director facultativo das obras.

Segundo: o artigo 97 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas establece que, cantas incidencias xurdan entre a administración e o contratista na execución dun contrato por diferencias na interpretación do convenio ou pola necesidade de modificar as condicións contractuais, tramitaranse mediante expediente contraditorio que comprenderá as seguintes actuacións:

1.- Proposta da Administración ou petición do contratista.

Este punto seguiuse no momento en que se notificou o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 18 de febreiro ao contratista e que o contratista emite escrito a administración o 22 do mesmo mes.

2.- Audiencia ao contratista e informe do servizo competente. Existe informe da dirección facultativa da obra de 10 de marzo do que se dá traslado ao contratista para que poida emitir as súas alegacións no prazo de 5 días hábiles.

Non consta no expediente informe do aparellador municipal como director executivo da obra.

3.- Informe, no seu caso, da asesoría xurídica e da intervención. Consta no expediente informe da secretaria municipal.

4.- Resolución motivada do órgano que celebrara o contrato e notificación ao contratista.

Preséntase o expediente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación por ser este quen levou a cabo a contratación.

En todo caso destacar que o artigo 97 establece que, salvo motivos de interese público que o xustifiquen ou a natureza das incidencias o requira a tramitación do expediente non determinará a paralización do contrato. Neste caso o informe da dirección facultativa determina que deben reanudarse as obras de inmediato.

Terceiro: en canto ao contrato cabe pór de manifesto que o artigo 95 do Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas (LCAP) establece que o contratista estará obrigado a cumprir co contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo así como os prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

No expediente consta na cláusula 5ª do prego de cláusulas administrativas que o prazo de execución do contrato é

de de 12 meses contados a partir da sinatura do contrato ou da acta de comprobación de replanteo e establécese tamén que o adxudicatario deberá presentar o correspondente programa de traballo co fin de poder levar a cabo un seguimento dos cumprimentos parciais da execución da obra.

No día da data non consta no expediente que a empresa adxudicataria presentase o programa de traballo como se require no prego de cláusulas administrativas ao que esta se acolle con total suxeición cando presenta oferta para participar no concurso.

Ao non existir programa de traballo presentado polo adxudicatario non se coñece se se estean a cumprir os prazos ou non, e por tanto se o órgano de contratación pode imputar incumprimento destes prazos parciais, polo que se considera fundamental se remita por parte do adxudicatario o mencionado programa co fin de poder levar un adecuado seguimento do ritmo da execución e garantir o cumprimento do prazo total, que remata en oito meses desde a sinatura da acta de replanteo, é dicir, o 10 de xuño do presente ano. O artigo 144 do Regulamento da LCAP establece que, o director de obra poderá acordar non dar curso ás certificacións ata que o contratista presente o programa de traballo cando este sexa obrigatorio sen dereito a intereses de demora por retraso no pago destas certificacións.

Con todo, a cláusula 22ª do prego establece que deberá certificarse no ano 2007 a cantidade de 600.000 € e o restante no exercicio 2008. Tendo en conta que a única certificación presentada foi aprobada por Decreto de Alcaldía o 22 de novembro de 2007 é a primeira que ascende a 300.295,54 € dos que 148.000 € corresponden a acopio de materiais (como consta no informe do aparelador municipal e director executivo da obra de 6 de novembro de 2007) e 152.295,54 € a obra executada polo que non se está a cumprir co estipulado na cláusula 22ª do prego.

Cuarto: en canto aos materiais acopiados o artigo 155 do Regulamento establece que o contratista terá dereito a percibir abonos a conta ata o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata desos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- Que exista petición expresa do contratista acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

Consta petición no expediente.

- Que foran recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados. Consta no expediente informe do aparelador municipal e director executivo da obra no que fai referencia a presentación da certificación por acopios e relación valorada dos mesmos debidamente firmada por este así como polos directores facultativos da obra. Se descoñece por parte desta Intervención a situación dos materiais acopiados

aínda que, según se desprende do Decreto de Alcaldía de 11 de marzo distintos provedores procederon á retirada do material podendo esto afectar aos acopios autorizados e debidamente avalados.

- Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioro ou desaparezan. Con relación a este punto cómpre remitirse ao exposto no punto anterior.

- Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución. Non consta plan de devolución no expediente como se puxo de manifesto no informe de Intervención a aprobación a certificación nº1 de 22 de novembro de 2007.

Quinto: en canto á imputación presupuestaria do contrato é necesario pór de manifesto que o crédito existente no pasado exercicio 2007 adicado ao proxecto ascendía a 1.020.460,05 € procedentes, 420.460,05 € dun remanente de tesourería para gastos con financiación afectada procedente de 2006 e financiado cun préstamo para investimentos, 300.000 € procedentes dun préstamo para investimentos solicitado en 2007 e 300.000 € procedentes dunha subvención da Consellería de Cultura e Deporte.

Do crédito existente só se recoñeceron obrigas por importe de 300.295,54 € polo que resulta un remanente de tesourería afectado de 720.164,51 € que se incorporará a 2008 unha vez liquidado o anterior exercicio.

No presente exercicio se poderá tamén xenerar crédito na partida por importe de 200.000 € como consecuencia da subvención comprometida pola Consellería que se estende ata o próximo exercicio 2009 onde tamén temos comprometida unha subvención polo mesmo importe de 200.000 €.

Por tanto, o crédito existente é suficiente para atender ao importe do contrato, que ascende na súa adxudicación a 1.197.159,45 €.

Con todo, será necesario que a empresa cumpra co prazo total de execución da obra co fin de poder xustificar de forma correcta e no prazo establecido ante a Consellería du Cultura, xa que, no caso de non facelo o Concello debería proceder a reintegrar o importe da subvención concedida e ingresada no correspondente ao pasado exercicio 2007 por importe de 300.000 € e non obtería as comprometidas para o presente exercicio 2008 e o próximo 2009 (sendo a suma das dúas anualidades 400.000 €) polo que o crédito restante procedente dos préstamos solicitados ascendería a 720.460,05 € importe que sería insuficiente para atender ao importe da contratación".

Informe da secretaria xeral do Concello de data 7 de abril de 2008 que di textualmente:

"1. Antecedentes de feito.

- Existe constancia no expediente de escrito presentado pola empresa adxudicataria do contrato de obras "CASA

DEL CULTURA DE RAXÓ", PROFESSIONAL INTERSERVICES, S.A. de 30 de xaneiro de 2008 no que se solicita un cambio de bovedilla cerámica por bovedilla de poliestireno expandido tipo porex de iguais dimensións. Previos os informes técnicos oportunos e na medida en que a solicitude quedaba vinculada ás melloras ofertadas e entendendo e estando previsto no contrato obrigaba ao contratista, a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 11 de febreiro de 2008 rexeita tal solicitude.

- Da mesma forma conta no expediente informe emitido pola OCT Applus sobre posibles erros de cálculo no proxecto, informe solicitado pola empresa contratista, o que deu lugar a un segundo acordo do mencionado órgano Colexiado no que se accede ao cambio de bovedilla e a formación de expediente contradictorio para solventar as diferenzas existentes no cálculo de estrutura do proxecto.

- Unha vez se lle dá traslado aos directores de obra do contido do informe da OCT, o 28 de febreiro de 2008, número rexistro 1133, ten entrada no concello informe daqueles no que se rexeitan as razóns que alega o contratista para paralizar a obra e se ratifican no contido do seu proxecto.

- O 4 de marzo ten entrada no rexistro do concello número 1248, escrito dos directores de obra pola que poñen en coñecemento do órgano de contratación a orde de inmediata reanudación dos traballos por parte do contratista.

- En base as anteriores actuacións, e a necesidade de garantir os dereitos do concello e ante a pasividade do contratista pese a orde cursada, con data 12 de marzo de 2008 con número rexistro de saída 609 de 11 de marzo de 2008, remítese correo certificado por burofax á empresa contratista polo que se lle comunica o inicio formal de expediente contradictorio ao que se refíen o artigo 59 da Lei de contratos das administracións públicas e 97 do seu regulamento. Así mesmo se aproveitaba dito escrito para por en coñecemento do mesmo o incumprimento da labor de vixilancia dos materiais afectados á mesma tendo en conta que a certificación nº 1 incluída acopio de materiais por importe de 148.000,00 euros obxecto da presentación de avais por tal importe xa que o órgano de contratación tiña coñecemento da retirada dos mesmos por parte de provedores do contratista.. Da mesma forma que reiteraba a demora que viña arrastrando a execución da obra con incumprimento do réxime establecido na cláusula 22º dos pregos de cláusulas administrativas.

- Rematado o prazo de audiencia outorgado non se realiza alegación ningunha.

2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Procedemento.

Con independencia das posibles causas de resolución do contrato que poidesen concurrir, procede examinar se o órgano de

contratación observou as regras procedimentais que a normativa contractual establece para a resolución das discrepancias xurdidas na execución do contrato entre ambas partes.

Di procedemento é o previsto nos artigos 59 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e 97 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento da Lei.

En atención aos mesmos se distinguen as seguintes fases:

a) Proposta da Administración ou petición do contratista.

b) Audiencia ao contratista e informe do servizo competente a evacuar en mabos casos nun prazo de cinco días hábiles.

c) Informe, no seu caso, de Asesoría Xurídica e da Intervención, a evacuar no mesmo prazo anterior.

d) Resolución motivada do órgano de contratación que teña celebrado o contrato e subseguente notificación ao contratista.

É importante lembrar que segundo o derradeiro inciso do artigo 97 do Regulamento: "Salvo que motivos de interese público o xustifiquen ou a natureza das incidencias o requiran, a natureza destas últimas non determinará a paralización do contrato."

Ditado Decreto de inicio dando traslado de novo da proposta-informe dos directores de obra o 11 de marzo de 2008, acréditase no expediente a recepción do mesmo na dirección social fixada pola empresa contratista o 13 de abril as dez e trinta horas, sen que a vinte e catro de marzo no que remata o prazo de cinco días hábiles marcado pola norma se presentase alegación ningunha polo contratista.

Non conta no expediente informe de servizo municipal ningún, polo que tal vicio podería dar lugar a defecto de forma causante de anulabilidade do procedemento a tenor do artigo 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ao que se remite o artigo 63 do texto refundido.

Non tendo sido formulada alegación ningunha polo contratista no que se opoña á proposta da Administración, en aplicación do artigo 59.2º.a) da Lei de contratos non sería necesario solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Segundo.- Órgano competente.

En razón do seu importe e superando o 10% dos recursos ordinarios da Corporación, o contrato adxudicouse polo Pleno polo que corresponderá a tal órgano a resolución da discrepancia xurdida.

Non obstante e tendo en conta o prazo marcado para o remate da execución das obras, 10 de xuño de 2008, poderían

concurrir razóns de urxencia que permitirían resolver pola Xunta de Goberno Local por delegación do Alcalde de acordo co Decreto do 21 de xuño de 2007 para que posteriormente se ratifique previo ditame da comisión informativa correspondente, polo Pleno”.

Rematado o debate e prestando aprobación ao informe emitido polos directores de obra, a Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) e dada a necesidade de proceder á reanudación dos traballos por parte de “Professional Interservices, SA”, dado que o prazo de execución estaría marcado, de acordo co Prego de Cláusulas Administrativas particulares para o 10 de xuño de 2008, co artigo 89.5 da Lei 30/92 de 26 de novembro de RJAPPAC, acordou:

Primeiro: De acordo co procedemento establecido no artigo 97 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, requirir á empresa adxudicataria da obra relativa ao Proxecto Casa de Cultura de Raxó, para que proceda ao cese inmediato da paralización das obras, coa reanudación das obras de xeito inmediato, seguindo as instrucións e o Proxecto redactado polos directores de obra, M+2E.

Segundo: Dar conta do presente acordo á Professional Interservices, SA, e aos directores de obra M+2E, comunicándolle que contra o mesmo poden, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, poidendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

Terceiro: Dar conta do presente acordo ao Pleno na primeira sesión ordinaria que realice, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, para a súa debida ratificación como órgano de contratación competente."

Devandito asunto ditaminouse favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas do 15/04/2008.

A Corporación por unanimidade, en uso das facultades previstas no Real Decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, e do artigo 89.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común **acordou** ratificar o acordo núm. 5047, adoptado pola Xunta de Goberno Local do 07/04/2008, por razón de urxencia de conformidade co disposto no artigo 16.d), do Regulamento orgánico municipal.

3111.- ACORDOS ADOPTADOS POLA MESA DE NEGOCIACIÓN DO CONCELLO DE POIO DE DATAS 5 DE MARZO E 3 DE ABRIL DE 2008.- Dáse conta á corporación das actas do 5/03/2008 e 03/04/2008, adoptados pola Mesa de Negociación do persoal laboral deste Concello; así mesmo dáse conta da proposta da Concelleira de Persoal de data 25/04/2008.

Así mesmo dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas do 15/04/2008 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente que consta dos acordos adoptados nas dúas actas de mesa de negociación de datas 5 de marzo e de 3 de abril de 2008 así como dos informes de intervención municipal de data 8 de abril de 2008 e da secretaria xeral de data 11 de abril de 2008.

A concelleira Besada Lores explica o contido do expediente manifestando que é un pouco o tema dos funcionarios, é unha reivindicación dos traballadores laborais de que se realice a equiparación cos funcionarios, nos catro próximos anos, coas retribucións do persoal funcionario da mesma categoría profesional do nivel máis baixo dentro dos permitidos para cada grupo e do funcionario dunha categoría igual ou similar o complemento específico máis baixo. Despois da RPT actualizárase todo o demais.

Recoñecer e retribuír os trienios a todo o persoal laboral que lle corresponda xa que hai algúns que aínda non os teñen recoñecidos.

Por último o de aplicar dende do 15 de xuño ao 15 de setembro unha redución horaria de 30 minutos diarios á xornada laboral fixada para cada un dos traballadores é o mesmo que o dos empregados públicos.

O Sr. Domínguez Lino pregunta se se trae como unha

proposta do equipo de goberno ou da Concelleira-Delegada de Persoal soamente.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que, sentindo moito, eso é algo que non lle incumbe.

O Sr. Domínguez Lino dille que a política do Sr. Barreiro Lubián non se parece en nada a isto.

Así mesmo quero matizar algúns puntos: 1º) Por que a antigüidade a cobran uns e outros non, non o entendo. 2º) Paréceme un pouco precipitado este tema, manteño que ao igual que o dos funcionarios debería de traerse o convenio enteiro con todos os puntos e non traer os puntos que interesa ó persoal. 3º) Débese pedir un estudo económico-financeiro das posibilidades do Concello para todo isto. 4º) Realizar a equiparación despois da RPT, que se cumpran uns obxectivos, cunha base. Non entendo esta política que se vai levar a cabo.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que a antigüidade págase por trienios en base á última data que estivo contratado aquí; a data de antigüidade é a do último contrato do concello. Funciona como en calquera outro sitio. Aquí basicamente estase a aprobar un cadro de salarios. Os convenios teñen unha vida de 4 ou 5 anos pero todos os anos hai táboas salariais novas.

En canto ao traballo do persoal sei perfectamente quen traballa e quen non, e se algún debería facer máis ou algún está desbordado, no almacén non os controlo tanto porque vou unha vez cada tres meses máis ou menos.

Por último con respecto á política do BNG aquí había unha política salarial que era salario mínimo interprofesional que despois se incrementarían as retribucións e fíxose, en base os distintos convenios, unha media das táboas salariais e quedarían por debaixo da dos funcionarios.

A Concelleira Besada Lores contéstalle ao Sr. Domínguez Lino que o peón do persoal laboral fai o mesmo traballo que o peón do persoal funcionario e polo tanto é lóxico que se equiparen. O acordo é equiparación en 4 anos e en 5 regularizar o complemento específico.

Non sei se se entera que no orzamento xa ían as partidas consignadas para este ano 2008.

Por último decirlle que non é necesario que o reivindiquen os sindicatos, os dereitos débense de dar sempre.

O Sr. Domínguez Lino di que o que manifestou sobre a antigüidade é en base ó informe da intervención municipal.

O convenio do 2003 xa foi denunciado. Non entendo por que non se negocia o convenio enteiro en vez de traelo por puntos.

O Grupo Popular do PP está de acordo en facer a equiparación pero que se faga en base ás funcións que realicen ou non, desta forma existiría unha base para eses incrementos.

A Concelleira Senra Lorenzo quere matizar que o que se pretende é cumprir a Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público en canto a equiparación. O que se pretende neste concello

é que cando se realice o RPT este persoal parta co mínimo que non ten agora mesmo. Penso que non vai a contradicir nada, ese cartos están consignados no orzamento, soamente é corrixir unha situación laboral e social.

Sometido a votación este asunto, a comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

A Sra. Besada Lores explica que coa proposta presentada mostranse claramente os acordos adoptados nas reunións anteriores e o que se pretende é aprobar estes puntos.

O Sr. Domínguez Lino di que se alegran de que a proposta sexa conxunta por todo o equipo de goberno.

Queremos dicir e reiterar unha vez máis que o PP está de acordo e a favor da equiparación salarial do persoal laboral co funcionario. Pero iso, non nos quita a razón para ser crítico na forma que o plantexan.

Non entendemos e así se demostra unha vez máis o descontrol deste goberno bipartito BNG PSOE que non se intentara un novo convenio colectivo, xa que o actual está denunciado.

Cun convenio colectivo denunciado e polo tanto caducado, en vez de negociar un novo nos traian un parche como fan sempre. Xa o dixemos e denunciámos cos funcionarios; cando se negocia un convenio hai que negociar todo o convenio e non as partes que solo interesan a unha delas, así estamos a perder todo o poder de negociación.

Seguimos incumplindo tamén unha vez máis a clasificación da maioría do persoal laboral temporal que deberá ter carácter de indefinido en vez de interinos, obra e servizo ou vinculado a unha subvención.

Continuamos, como denunciámos xa desde o 2003, que hai persoal laboral do Concello que polo contido das súas funcións debería ser realizado por persoal funcionario, tal como se expón e indica na lexislación vixente.

Pese a isto, votaremos a favor dos devanditos acordos.

O Sr. Barreiro Lubián di que o que debe importar das propostas e o seu contido non quen as faga. Moitas veces vótanse dependendo de onde veñan porque iso condiciona o voto e non debería condicionar a postura do PP. O persoal laboral temporal existe canto se contrata por tempadas. A política de persoal deste concello conseguiu reducir, o capítulo de gastos de persoal e agora temos unha situación onde se pode acometer melloras laborais.

O Sr. Domínguez Lino di que neste goberno xa non se sabe que é o concelleiro de persoal e creo que vostede, Sr. Barreiro, xa non o é, esperaba que contestara a Sra. Besada.

A Corporación por unanimidade acordou aprobar a proposta presentada, nos seguintes termos:

Primeiro.- Aplicar desde o 15 de xuño ao 15 de

setembro unha redución de trinta minutos diarios á xornada laboal fixada por cada un dos traballadores.

Segundo.- Extender o réxime de permiso por asuntos propios previsto no contido normativo do convenio denunciado ao previsto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público e na normativa autonómica.

Terceiro.- Recoñecer e retribuir como corresponda segundo a pertenza a cada grupo profesional, trienios ou antigüidade ao persoal laboral temporal, previa formación do expediente individualizado con acreditación xustificativa da percepción de dito concepto retributivo.

Cuarto.- Equiparación salarial no prazo de catro anos entre o persoal laboral e funcionarios, onde se tomarán como referencia, as retribucións dos traballadores laborais e funcionarios do ano 2007 co fin de poder aplicar o incremento que corresponda nos catro exercicios sucesivos: 2008, 2009, 2010 e 2011 comezando a aplicarse xa no ano 2008 (quedando definitivamente asimilada a equiparación aos funcionarios a 01/01/2012).

As comparacións realízanse coas retribucións do persoal funcionario da mesma categoría profesional do nivel máis baixo dentro do permitido para cada grupo e co funcionario dunha categoría igual ou similar co complemento específico máis baixo.

O incremento formalizarase en concepto de complemento do posto de traballo e para o persoal que teña un complemento persoal transitorio na súa nómina terase en conta, a hora de comparar a retribución do mesmo coa retribución dun funcionario da mesma categoría, o importe do CPT anual que cobre, é dicir, que o complemento do posto de traballo a asignar ao persoal que cobre un CPT será inferior ao do persoal da mesma categoría que non o cobre.

- A equiparación non se aplicará ao persoal contratado ao abeiro da subvención de plan de emprego como ao persoal do obradoiro de emprego que terán unhas retribucións específicas, que se detallan a seguir:

CATEGORÍA PROFESIONAL	SALARIO
DIRECTOR/A	2303,31 €
TITOR/A	2002,88 €
ADMINISTRATIVO/A	1001,42 €
EXPERTO DOCENTE	1533,53 €
ORIENTADOR LABORAL	1533,53 €

Estas cantidades correspóndense co ano 2008 quedando condicionadas nos próximos exercicios aos importes da subvención concedida pola Consellería de Traballo.

- A equiparación das categorías profesionais realizarase conforme ao Anexo I (que se xunta a esta proposta e forma parte do expediente)

- Todos os incrementos aplicaranse con efectos retroactivos a un de xaneiro de dous mil oito.

- Para todas as categorías que non existan no convenio establécense os seguintes grupos profesionais e salarios:

GRUPO PROFESIONAL	FORMACIÓN	PROPOSTA SALARIAL
Grupo profesional 1	Título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente	Igual técnico superior
Grupo profesional 2	Diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente	Igual técnico medio
Grupo profesional 3	Bacharel superior, BUP ou formación profesional de técnico superior ou técnico especialista ou equivalente	Igual Administrativo
Grupo profesional 4	Título de graduado en educación secundaria, educación xeral básica ou formación profesional de técnico auxiliar	Igual auxiliar administrativo
Grupo profesional 5	Nivel de formación equivalente a educación primaria e certificado de escolaridade	Igual que peóns

Quinto.- Que se dea traslado dos acordos adoptados á intervención e tesourería municipal.

3112.- DESAFECTACIÓN USO ESCOLAR DA ESCOLA DO CAMPO DE COMBARRO.- Pola Secretaria, dáse conta do expediente tramitado co motivo da desafectación de uso escolar da escola do Campo de Combarro, xa que foi suprimido segundo o disposto na Orde do 6 de xullo de 2007, pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil e educación especial, publicada no DOG do 26/07/2007, núm. 144.

Na sesión plenaria do 29/01/21008 aprobouse a desafectación inicial do uso e comunicouse o acordo á Consellería de Educación para que emitise o correspondente informe; someteuse o expediente a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio no Boletín Oficial da provincia, Diario de Pontevedra e taboleiro de anuncios, non producíndose ningunha reclamación ao expediente.

Con data 10/04/2008 recíbese neste Concello escrito da Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa polo que se autoriza a desafectación solicitada da Escola Infantil de Combarro.

A Corporación por unanimidade, previo ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas do 15/04/2008 e de conformidade co anteriormente exposto, acordou aprobar definitivamente a desafectación de uso escolar da Escola do Campo de Combarro.

3113.- RATIFICACIÓN ACORDO NUM. 5029 DA XGL DO 07/04/2008 SOBRE ADOPCIÓN DO COMPROMISO DE IMPLANTAR O SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL.- Dáse conta do expediente tramitado e do acordo núm. 5029, adoptado por razón de urxencia pola Xunta de Goberno Local, de data 07/04/2008 e que di o que segue: "5029.-CONCELLERÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ, ADOPCIÓN COMPROMISO, SE PROCEDE, DE IMPLANTAR O SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL.-Dáse conta do expediente tramitado e do escrito de data 3 de abril de 2008 do concelleiro delegado de Seguridade Cidadá na que di textualmente:

"1. Que este Concello presentou o pasado 1 de febreiro unha solicitude de subvención na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2007, pola que se regula o réxime de axudas a concellos da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento dos investimentos derivados da creación, a posta en funcionamento e o desenvolvemento dos servizos municipais de protección civil, así como a cesión en propiedade de vehículos e material para misións de protección civil (DOG nº1 de 2 de xaneiro de 2008).

A solicitude presentada ten por obxecto:

-A adquisición de material inventariable (modalidade A da Orde).

-A cesión en propiedade dun vehículo especialmente preparado para misións de protección civil (modalidade B).

-A cesión en propiedade de material para o salvamento en praias.

2. Artigo 2º desta Orde establece que para os seus efectos considérase servizo municipal de protección a aquela unidade orgánica do concello correspondente que, dedicada principalmente aos labores de protección civil, se compón de persoal con relación laboral co concello, xa sexa persoal funcionario ou persoal laboral, de maneira que o devandito concello posúa dotación orzamentaria para misións de protección civil no exercicio 2008.

En base ao anterior e debido a que este Concello carece do servizo de protección civil, tal como se establece na Orde, solicita á Xunta de Goberno Local: Que adopte o compromiso de implantar este servizo, asignando un condutor para a prestación do mesmo".

Así mesmo, dáse conta do informe emitido pola secretaria xeral do Concello o 7 de abril de 2008 que di textualmente:

"1. Antecedentes de feito.

- Con data 3 de abril de 2008 emítese proposta do Concelleiro delegado en materia de seguridade cidadán no que se propón a adopción de compromiso pola Xunta de Goberno Local de elevar ao Pleno o acordo de implantación e prestación do servizo de protección civil.

2. Consideracións xurídicas.

Primeiro.- Carácter da actividade de protección civil.

Conforme ao artigo 25.2º.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do Réxime Local, entre as materias na que a lexislación sectorial estatal ou autonómica segundo a distribución constitucional de competencias fixarán atribucións a favor do Concello está a relativa á protección civil.

Protección civil é ademais en atención ao artigo 26.1º.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, un servizo de carácter obrigatorio nos Municipios de máis de 20.000 habitantes.

Segundo.- Contido do expediente.

Dito expediente deberá comprender o Regulamento regulador do servizo e a concreta forma de prestación de entre as previstas no artigo 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, xustificando a fórmula adoptada e a súa concreta forma de financiamento no seu caso.

Terceiro.- Procedemento

Non estando incluído dentro dos reservados polo artigo 86.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, e carecendo de contido económico, a súa implantación requirirá a formación de expediente que previo informe da comisión informativa correspondente sexa aprobado polo Pleno (artigo 22.2º.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril polo voto favorable da maioría absoluta do seu número legal de membros (artigo 47.2º.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Aprobado inicialmente, deberase abrir un período de información pública durante trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias e aprobación definitiva con resolución das que se presentasen, no seu caso.

Se non houberse reclamación ningunha, o acordo de aprobación provisional elevarase automaticamente o carácter de definitivo.

En derradeiro lugar, publicaranse as normas reguladoras do servizo correspondente.

Cuarto.- Normativa aplicable e obrigas e competencias esenciais.

A Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil (artigo 10) impón a obriga de formar e aprobar o Plan municipal de protección civil para a súa homologación posterior pola Comunidade Autónoma.

A normativa autonómica agrega o denominado Plan de emerxencias.

Polo que con carácter previo á prestación do servizo e á marxe do Regulamento regulador o Concello de Poio deberá abordar a elaboración desta normativa mínima tendo en conta o contido da Norma básica aprobada por R.D. 407/1992, do 24 de abril e Lei 5/2007, do 7 de maio de emerxencias de Galicia, quen define as competencias e obrigas dos Municipios no seu artigo 27:

“Artigo 27. Os municipios.

1. Sen prexuízo da competencia xeral en materia de protección civil e xestión de emerxencias que o artigo 10 da presente Lei atribúe a todos os municipios, corresponde aos municipios de máis de 20.000 habitantes:

-Crear o servizo municipal de protección civil e xestión de emerxencias.

-Crear os servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento de acordo co establecido na lexislación de réxime local e de protección civil.

-Elaborar e aprobar o plan de emerxencia municipal, os plans de actuación municipais e, en xeral, calquera outros instrumentos de planificación de protección civil no ámbito municipal.

-Colaborar na recollida e transmisión á Axencia Galega de Emerxencias de datos e información relevantes para a protección civil.

-Elaborar os inventarios de riscos e o catálogo de recursos municipais en situacións de emerxencia.

-Poñer a disposición da autoridade que exerza as funcións de dirección e coordinación de cada emerxencia os medios e recursos dispoñibles da súa titularidade que figuren nos plans correspondentes ou que lles fosen requiridos.

-Fomentar prográmalos municipais de previsión e prevención, promovendo campañas e programas de sensibilización á poboación, divulgando os medios de autoprotección e realizando prácticas e simulacros de protección civil.

-Promover, en colaboración coa consellería da Administración autonómica competente en materia de voluntariado, a creación de organizacións do voluntariado de protección civil.

2. A persoa titular da alcaldía é a autoridade municipal superior de protección civil e xestión de emerxencias.

En particular, nos municipios que dispoñan de servizos propios de protección civil e xestión de emerxencias, corresponde á persoa titular da alcaldía:

-Elaborar e manter o catálogo de medios e recursos mobilizables para a protección civil no municipio.

-Activar os plans de protección civil de ámbito municipal, declarar o seu desactivación e comunicar á persoa titular da consellería con competencia en materia de protección

civil a activación e desactivación dos devanditos plans a través da Axencia Galega de Emerxencias.

-Solicitar do Consello da Xunta, a través da persoa titular da consellería competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias, a declaración da situación de emerxencia de interese galego nos casos contemplados na presente Lei.

-Exercer a dirección, mando superior, coordinación e inspección de todos os servizos e recursos afectados ao plan municipal activado e das actuacións que se realicen.

-Constituír o centro de coordinación de operacións local e exercer a dirección superior do mesmo.

-Requirir das entidades privadas e particulares a necesaria colaboración para o cumprimento das obrigas establecidas na presente Lei.

-Realizar as actividades de inspección previstas na presente Lei.

-Exercer a potestade sancionadora nos termos establecidos na presente Lei."

A Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), e 92 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, acordou:

Primeiro: Aprobar a proposta reseñada do concelleiro delegado en materia de Seguridade Cidadá e adoptar o compromiso de iniciar os trámites necesarios previstos no indicado informe cara a elevar á consideración do Pleno da Corporación a implantación no Concello do Servizo de Protección Civil.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, para os efectos da tramitación da axuda solicitada o pasado 1 de febreiro, ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2007, pola que se regula o réxime de axudas a concellos da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento dos investimentos derivados da creación, a posta en funcionamento e o desenvolvemento dos servizos municipais de protección civil, así como a cesión en propiedade de vehículos e material para misións de protección civil (DOG nº1 de 2 de xaneiro de 2008)."

Así mesmo dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15/04/2008.

A corporación por unanimidade acordou ratificar o acordo núm. 5029, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 07/04/2008, pñor razón de urxencia, de conformidade co disposto no artigo 16.d, do Regulamento orgánico municipal.

3114.- PROPOSTA INICIO RESOLUCIÓN EXPED. CONTRATACIÓN CASA DE CULTURA DE RAXÓ.- Dáse conta do expediente e do acordo núm. 5123 adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 21/04/2008 e que di o que segue: "5123.-CONTRATACIÓN, INICIO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN CONTRATO OBRA "CASA CULTURA DE RAXÓ".-Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co artigo 83 do R.O.F., R.D. 2568/1986, de acordo coa maioría requirida no artigo 47 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, dáse conta dos informes emitidos polo director de execución da obra, arquitecto técnico municipal D. Fernando Sevilla Ricote o 3 de abril de 2008 no que informa textualmente: "Que forma parte da Dirección Facultativa da obra da Casa de Cultura, sita no lugar da Igrexa da parroquia de Raxó, cuxo promotor é o Concello de Poio, completando dita dirección os arquitectos D. Enmanuel Romero Parra e D. Miguel Ángel Muñoz Fernández.

Que dita obra se atopa parada por parte da empresa construtora desde fai aproximadamente mes e medio, na actualidade en estado de abandono total.

Por todo o exposto, este técnico ao ser tamén Coordinador de Seguridade da obra, procede ao cerramento do Taller de Coordinación, aata que se volvan a comezar os traballos na mesma.

Tamén informe que debido a esta situación non é posible cumprir co prazo de terminación da obra (xuño 2008)".

Así mesmo, se dá conta do informe emitido pola secretaria da corporación, de data 21 de abril de 2008, que di o seguinte:

"1. Antecedentes de feito.

- Con data 4 de abril de 2008 a empresa adxudicataria das obras "CASA DE CULTURA DE RAXÓ" recibe comunicación formal do Concello de Poio polo que se lle require para que no prazo improrrogable de 48 horas proceda a pór a disposición do órgano de contratación no almacén municipal sito na Seca (Poio), os materiais acopiados e garantidos polos avais prestados polo importe de 148.000,00 euros pendentes de aplicación á obra de referencia.

- Non se ten constancia da recepción de alegación ningunha do contratista.

- O 3 de abril de 2008 o director de execución da obra, D. Fernando Sevilla Ricote, arquitecto técnico municipal, emite informe no que pon de manifesto: "que dita obra se atopa parada por parte da empresa construtora desde fai aproximadamente mes e medio, na actualidade en estado de abandono total" e así mesmo : "Tamén informo que debido a esta situación non é posible cumprir co prazo de terminación da obra (xuño 2008)".

2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Réxime dos abonos a conta por materiais acopiados. Abonos a conta por instalacións e equipos. Réxime das garantías prestadas e cancelación.

Ademais da referencia existente no Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP), son os artigos 155 e seguintes do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se presta aprobación ao Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas, nos que se realiza unha regulación por extenso do seu réxime, en atención aos que se pode distinguir:

a) Requisitos (artigo 155.1º Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro)

"O contratista terá dereito a percibir abonos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais acopiados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

b) Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.

c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.

d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución ao que se refire o apartado 4 deste artigo".

Xunto cos acopios de materiais, o artigo 156 do Regulamento permite abonos a conta por instalacións e equipos:

"Tamén terá dereito o contratista a percibir abonos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

a) O abono virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do Imposto sobre Sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

b) No caso de instalacións, o abono non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata o remate da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c) O cálculo da cantidade a aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

2. No que fai aos requisitos para estes abonos, tramitación e devolución estarase ao disposto no artigo anterior."

En canto á cancelación total ou parcial das garantías prestadas e réxime aplicable a éstas o artigo 157 do Regulamento

dispón:

"As garantías que, conforme ao disposto no artigo 145.2 da Lei, deben constituírse para asegurar o importe total dos pagamentos a conta polas operacións preparatorias realizadas como instalacións e provisión de materiais ou equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, rexeranse polo disposto para as garantías, con carácter xeral, na Lei e neste Regulamento.

2. O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos abonos a conta percibidos".

Na certificación emitida o 5 de novembro de 2007 polos directores das obras, D. Enmanuel Romero e D. Miguel A. Muñoz incluíase en concepto de abonos ou anticipos a conta non revisables un importe de 148.000,00 euros xuntándose á certificación unha relación de acopios por tal importe asinada polos mesmos, polo director de execución material, D. Fernando Sevilla Ricote e polo contratista.

Dita relación ten orixe na petición formulada pola empresa adxudicataria das obras con data 25 de outubro de 2007, incorporada ao expediente.

En caso ningún nin na petición nin na relación aparece mención a instalacións ou equipos polo que debe interpretarse que a relación se refire exclusivamente a materiais.

Tampouco se atopa documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos no transcrito artigo 155 do Regulamento a salvo a mencionada petición sen que se xustifique en modo ningún a propiedade ou posesión dos materiais, a existencia de plan de devolución ou designación do lugar autorizado para o depósito do material establecendo as medidas que evitasen a súa destrución ou deterioro, tal e como ven sucedendo e se reflicte nos escritos de alcaldía nos que se comunicaba que por parte de distintos provedores estaríanse a levar accións de retirada de materiais.

Unha vez que se tivo coñecemento de tales feitos, ponse de manifesto ao contratista xirando o mencionado requerimento de 2 de abril de 2008.

É preciso que se xunte a calquera Resolución ou acordo do órgano de contratación informe dos directores de obra no que se complemente xunto co estado de abandono sinalado unha mención expresa a ausencia, no seu caso, dos materiais no lugar de depósito fixado dos relacionados na certificación nº 1.

Sí existe constancia no expediente da presentación de avais prestados pola empresa contratista da entidade ACC SEGUROS E REASEGUROS DE DAÑOS, S.A. certificados nº A7-0117261-40, A7-0117262-40, A7-0117263-40, A7-0117264-40 e A7-0117265-40 por importe de 148.000,00 euros depositados na tesourería municipal con data 22 de novembro de 2007.

En función da normativa exposta, o réxime aplicable aos avais prestados é o establecido para as garantías nos

artigos 36 e seguintes TRLCAP.

No texto dos avais figura expresamente:

"El asegurador asume el compromiso de indemnizar al asegurado al primer requerimiento del CONCELLO DE POIO en los términos previstos en el Art. 36 de Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de junio, por el que se aprueba el Texto refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas en sus normas de desarrollo si las hay, y en la normativa reguladora de las Haciendas Locales y de la Caja General de Depósitos.

El presente seguro de caución estará en vigor hasta que CONCELLO DE POIO o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su cancelación o devolución, de acuerdo con lo establecido en la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas y legislación complementaria".

Se do informe que se emita se desprende a ausencia ou ausencia parcial dos materiais así garantidos non aplicados a obra, procederá executar os avais ata o importe que corresponda dentro dos 148.000,00 euros certificados.

O artigo 45 TRLCAP establece ademais unha absoluta preferencia nos avais prestados fronte a calquera outro acreedor:

"Artigo 45. Preferencia na execución de garantías.

1. Para facer efectiva a garantía definitiva, a Administración contratante terá preferencia sobre calquera outro acreedor, sexa cal fora a natureza do mesmo e o título en que se funde a súa pretensión.

2. Cando a garantía non sexa bastante para satisfacer as responsabilidades ás que ésta afecta, a Administración procederá ao cobramento da diferenza mediante o procedemento administrativo de constrinximento, de acordo co establecido nas respectivas normas de recadación".

Non obstante o artigo 46 TRLCAP outorga aos aseguradores o concepto de interesado nos procedementos que versen sobre a execución das garantías nos termos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo que, xunto co requerimento, se lle deberá dar adecuado traslado das actuacións e informes emitidos incorporados ao expediente en relación ao acopio de materiais xunto cun prazo de audiencia non superior a dez días.

Segundo.- Resolución do contrato.

Dos antecedentes de feito incorporados ao presente informe dedúcese a necesidade de efectuar as consideracións xurídicas oportunas en relación á resolución do contrato da obra "CASA DE CULTURA DE RAXÓ" coa empresa adxudicataria.

No informe emitido polo director de execución das obras conclúese a imposibilidade de rematar as obras no prazo previsto, 10 de xuño de 2008.

A normativa contractual prevé a posibilidade de

resolver os contratos cando do incumprimento dos prazos parciais se derive a imposibilidade do cumprimento do prazo total de execución (artigo 95 TRLCAP) en caso de non optar pola imposición de penalidades:

“1. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

2. A constitución en demora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

3. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 20 por cada 100.000 pesetas (0,12 por 601,01 euros) do prezo do contrato.

O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, se considere necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.

4. Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

5. A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se houberen previsto no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total”.

Así mesmo o artigo 111.e) TRLCAP recolle dentro das causas de resolución do contrato: a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.

Pese a que non se especifique claramente prazos de cumprimento parcial, a cláusula 22º marca un ritmo de execución e obra certificada para o seu abono nos exercizos 2007 e 2008 que se incumpre claramente no presente contrato, ao que se engadiría o xa previsto no informe do director de execución.

En calquera caso debe ser un incumprimento imputable ao contratista. Tal coma aclara o informe do director de execución material, no só se aprecia paralización senón total abandono das obras, sen que se teña reanudado a execución do contrato desde a adopción da orde dada pola Xunta de Goberno Local por acordo adoptado o 7 de abril de 2008 sen que se recibise petición ningunha de prórroga..

En tal sentido será necesario que o informe técnico a

emitir faga expresa mención do continuado estado de paralización desde a recepción da comunicación pola empresa contratista.

O propio incumprimento do réxime propio da subcontratación xunto co incumprimento do deber de vixiancia que sobre os materiais afectos a obra para evitar calquera tipo de sustracción, perda ou deterioro en canto obrigas esenciais do contratista (artigo 111.g) TRLCAP) deberían ser tidas en conta no expediente de resolución que deberá dar lugar á incautación da garantía definitiva e determinación, no seu caso, de indemnización polos danos e perxuízos causados en decisión motivada do órgano de contratación no que se dará audiencia ao contratista atendendo, entre outros factores, a demora que implica para a inversión proxectada e os maiores gastos que ocasiona para o Concello.

De acordo co artigo 59 TRLCAP no expediente se deberá dar audiencia ao contratista e á empresa aseguradora da garantía definitiva en calidade de interesada para os efectos do artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e se se formulase oposición terase que solicitar o informe do Consello Consultivo de Galicia".

En atención aos mesmos a Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), acordou:

Primeiro: Elevar á consideración do Pleno, como órgano de contratación competente, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, proposta de inicio de expediente de resolución do contrato adxudicado á empresa "Professional Interservices, SA" para a execución da obra "Casa de Cultura de Raxó", de acordo co previsto nos informes emitidos polos servizos técnicos municipais.

Segundo: Solicitar, así mesmo, informe dos directores de obra "M+2E" informe en relación ás circunstancias relatadas nos informes transcritos neste acordo."

Dáse conta igualmente do informe de data 2204/2008, sobre a situación actual da obra emirido por M+2E (directores de obra) e conformado por D. Fernando Sevilla Ricote (director de execución) e que di textualmente: "A petición del Concello de Poio se realiza la siguiente valoración de la situación actual de la obra para la construcción de la Casa de Cultura.

- realizada visita de inspección a la obra por parte de la dirección de ejecución a cargo de D. Fernando Sevilla, se informa de que el material certificado en la certificación de acopios núm. 1 por valor de 141.000,00 euros no existe en dicha obra, hecho que ratifica la dirección facultativa a cargo de D. Miguel A. Muñoz y D. Emmanuel Romero.

- Con fecha 28 de febrearo estos directores de obra presentan en el ayuntamiento de Poio el documento "Informe acerca de la paralización de los trabajos por parte de Professional Interservices SA" en el que exonera a estos técnicos de responsabilidad alguna en el retraso llevado a cabo en la obra y se señala a Applus como responsable del mismo. Por meadio de correo electrónico con fecha 28 de febrero se le envía copia copia a Applus para su conocimiento acerca de este informe , no obteniendo respuesta alguna al respecto u entendiendo su aceptación del mismo.

- Con fecha 3 de marzo se envía burofax a Aaplus ordenando la inmediata reanudacion de los trabajos que eviten el incumplimiento de plazos establecidos para la finalización de la misma. Se envía copia de dicho burofax al ayuntamiento en la misma fecha señalada anteriormente.

- Se comprueba, que a día de la fecha de este informe, la obra permanece parada y en estado de abandono por parte de la empresa constructora, con un retraso en la misma considerable. Dado que el plazo de ejecución ofertado por la empresa es de 8 meses y el acta de replanteo data del 10 de octubre de 2007, la dirección de ejecución y dirección facultativa ven, técnicamente inviable, el cumplimiento de los plazos para la finalización de la misma.

- Sobre la conveniencia y rentabilidad de que el concello mantenga el estado actual de la obra, con los encofrados u parte del armado del forjado con sus correspondientes bovedillas, esta dirección facultativa y dirección de ejecución consideran que dada la entidad de lo armado y del tiempo transcurrido desde su colocación, debieran retirarse tanto los armados como las bovedillas de dicho forjado.

- En cuanto al encofrado del mismo, si esta situación no se prolonga excesivamente en el tiempo se ve viable el que permanezcan en obra cuidando las medidas de protección de vallado, accesos, etc a la obra en correcto estado. No obstante, si se prevé a medio plazo la fecha de reanudar la obra, será conveniente el desmontaje también de puntales y encofrados por dererioro de los mismos."

Dándose conta igualmente do informe favorable emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, na sesión extraordinaria realizada o 25/04/2008.

A corporación, en uso das facultades previstas no artigo 22.2º.n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; artigo 89.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e de procedemento administrativo común, e 36 e seguintes; 59 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei de contratos das

administracións públicas e concordantes do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, por unanimidade de asistentes acordou:

Primeiro: Iniciar os trámites para executar os avais prestados pola empresa contratista da entidade ACC SEGUROS E REASEGUROS DE DAÑOS, S.A. certificados nº A7-0117261-40, A7-0117262-40, A7-0117263-40, A7-0117264-40 e A7-0117265-40 por importe de 148.000,00 euros depositados na tesourería municipal con data 22 de novembro de 2007 como garantía dos aboamentos ou anticipos a conta non revisables un importe de 148.000,00 € incluídos na certificación núm. 1 da obra "CASA DE CULTURA DE RAXÓ" de conformidade cos informes técnicos transcritos e os emitidos polos directores facultativos e de execución do mencionado expediente de contratación, outorgando a entidade aseguradora un prazo de audiencia de dez días hábiles.

Segundo: Iniciar, así mesmo, os trámites de resolución do contrato adxudicado á empresa "Professional Interservices, SA" para a execución da obra "Casa de Cultura de Raxó", por incumprimento de prazos e demais obrigas esenciais da contratación nos termos previstos e de acordo cos informes emitidos polos servizos técnicos municipais. e os emitidos polos directores facultativos e de execución do mencionado expediente de contratación, outorgando ao contratista e a empresa aseguradora correspondente á garantía definitiva prestada pola adxudicataria, un prazo de audiencia de dez días hábiles.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo aos/as interesados/as, con indicación de que por ser acto de trámite, de conformidade co establecido no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, contra o presente acordo non caberá a presentación de ningún recurso administrativo.

3115.- SERVIZOS SOCIAIS, RATIFICACIÓN ACORDO NUM. 5116 DA XGL DO 21/04/2008 SOBRE SOLICITUDE DO PLAN CONCERTADO 2008.- Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local núm. 5116 do 21/04/2008 e que di o que segue: 5116.-CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS, SOLICITUDE DO PLAN CONCERTADO 2008.-Dáse conta do escrito de data 17 de abril de 2008, remitido polo Centro de Servizos Sociais ao que se xunta o expediente tramitado ao amparo da Orde de 18 de marzo de 2008, da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar (publicada no DOG de 28 de marzo de 2008, nº 60), pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria, Plan Concertado para o ano 2008, para a súa aprobación coas memorias

individualizadas de cada un dos servizos e programas para os que se solicita a subvención co seguinte detalle (Resume Xeral):

CONCEPTO	ACHEGA MUNICIPAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA	CUSTO POR CONCEPTO
PERSOAL	44.237,24 €	132.711,73 €	176.948,97 €
MANTEMENTO	14.000,00 €	1.200,00 €	15.200,00 €
AXUDA NO FOGAR	37.950,00 €	77.050,00 €	115.000,00 €
XESTIÓN DE PROGRAMAS	28.042,78 €	275.239,22 €	303.282,00 €
INVESTIMENTO	58.997,60 €	176.992,79 €	235.990,39 €
TOTAL	183.227,62 €	663.193,74 €	846.421,36 €

Así mesmo, e de acordo co establecido no **Anexo II**, solicítase ao abeiro do Programa Subvencións non periódicas para corporacións locais. **Proxectos de Desenvolvemento do Pobo Xitano**, unha axuda co seguinte detalle:

FINANCIAMENTO PREVISTO	MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS	COMUNIDADE AUTÓNOMA	CORPORACIÓN LOCAL
		354.241,81 €	12.000,00 €
TOTAL FINANCIAMENTO	366.241,81 €		

Visto o informe da Intervención Municipal de 18 de abril de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), **acordou:**

Primeiro: Prestar aprobación ao devandito expediente formado polo Departamento de Servizos Sociais, e ao conxunto de actividades e gastos reflectidos nas Memorias e Anexos incorporadas ao mesmo e de conformidade co detalle e cuantía reflectido no presente acordo.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para solicitar a subvención indicadas, facéndose constar que se continúa coa prestación dos servizos nas mesmas condicións do ano anterior, para garantir a continuidade dos programas e prestacións dos servizos sociais ao longo do ano e que se dea conta ao Pleno deste acordo, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas para a súa ratificación, por ser adoptado por razón de urxencia, de conformidade co disposto no Regulamento Orgánico Municipal, e tendo o acordo plenario de ratificación efectos retroactivos ao día 21 de abril de 2008, de conformidade co disposto no artigo 57.1 e 57.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de RXAPPAC."

Dándose conta igualmente do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 25/04/2008.

A Sra. Ligerio Iglesias manifesta que entendemos desde o

PP de Poio, que con este Plan Concertado para o ano 2008 dos Servizos Sociais de Poio, que non se está a traballar ben desde esa concellería, que se desatenden programas de verdadeira acutación para un servizo social como "o programa de emerxencia social" dando solo un orzamento de 4000 € onde se engloba dese apartado: atención alimentaria, aloxamente, medicamentos, facer fronte a débedas contraídas, financiamento de bens ou servizos de primeira necesidade a persoas en situacións de carencia e de verdadeira necesidade a persoas en situación de carencia e de verdadeira necesidade. Atenderíanse anciáns, transeuntes, persoas e familias carentes de recursos, reclusos, nais solteiras e mulleres maltratadas física e psicolóxicamente.

Polo tanto esta cantidade de 4000 € non nos parece máis que risoria fronte aos máis de 250000 € que este equipo de goberno pretende gastar nun obradoiro unicamente exclusivo para para o colectivo xitano, pensades que este obradoiro servirá para a integración deste colectivo?.

Existen diversos obradoiros realizados por este Concello onde houbo persoal da etnia xitana que realizaron e tiveron oportunidades dunha integración maior e mellor. Uns cumpriron e outros non. Desde logo, entendemos que realizar un obradoiro exclusivo para este colectivo non é unha forma de integración. Polo tanto non ano 2007 gastamos no poblado xitano entre compra de casas, pagamento de hoteis, etc. máis de un millón de euros dos cales este concello, é dicir, os veciños de Poio aportamos máis de 350.000 €. Este ano levan a proposta de gastar máis de 375.000 € para o mesmo colectivo que seguramente será escaso, pero entendemos desde o PP que estamos desatendendo os demais veciños de Poio. Non entendemos como un goberno que presume de progresista descoñeza e por tanto permita que un veciño de Poio vivira desde fai dez anos nun hórreo, entendemos que este señor vivía en condicións inhumanas. Como se pode consentir Sr.alcalde? Todos os veciños teñen os mesmos dereitos e as mesmas obrigas.

E volvemos a dicir o mesmo Sr. Sobral-Sra. Besada, que política social se está a facer en Poio? Isto para nos é totalmente discriminatorio, 4000 € para todos os desfavorecidos de Poio, e máis 250000 € para un solo colectivo.

Por iso, seguimos pensando que en Poio hai veciños de primeira e de segunda, como nos acaban de demostrar. E existen veciños, con dereitos e obrigas e outros con solo dereitos e con ningunha obriga.

Espero que a morte deste indixente, señores gobernantes, lles faga reflexionar sobre a súa política, non quero pensar que pasaría se esta morte se producise cun goberno do PP.

Por iso, cremos que a cifra de 4000 € para emerxencia social e totalmente escueta.

Gastamos máis nun programa de ximnasia de mantemento, Tai-Chi co que estamos totalmente de acordo, pero isto non invalida que teñamos que pedir máis cartos para o que

verdadeiramente importa, atender aos necesitados do noso concello, esa é unha verdadeira política social.

A Sra. Besada Lores contesta que efectivamente pertence a un grupo de progreso e síntome orgullosa. Eses 4.000 € poden parecer insuficiente pero grazas ao goberno de progreso da Xunta e do Estado ás veces sobran esas cantidades porque desde alí están dando as axudas que se necesitan e ás veces non se gastan os 4000€.

Esta persoa que viviu nun hórreo tratouse de axudar mediante os servizos sociais cando era Delegada de Servizos Sociais, pero foi imposible tanto para nos coma para a súa familia. Que fagan política coa morte dun veciño é penoso e non quere dicir que estivera desatendido porque hai que primar a liberdade da persoa que quere vivir así e non que o acollan nunha institución.

E con respecto, ao obradoiro para a etnia xitana penso que non será unha mala experiencia.

O Sr. Martínez Blanco contesta que utilizan a morte dunha persoa descoñecendoa completamente e para min é de barrio baixeiro. Esa persoa viviu, así porque el quería e a familia así o manifestou na prensa. Non culpedes ao concello de algo que non é así.

O Sr. Barreiro Lubián di que un programa reciba máis cartos ou que se reciba nunh aoutra non quere dicir que a outra quede desatendida.

Descoñecades en que consistía o da emerxencia social, non consiste en dar limosna, consiste en axudar a alguén nun momento de apuro en momentos puntuais, e é para o que se destinan os 4000 €, e este programa non contempla axudas prolongadas no tempo, porque iso fináncianse con outros programas que tamén se contemplan.

Tamén se recorda que o Concello aínda que leva 20 anos prestando o servizo non é unha obriga que o cumpra.

Emerxencia social é unha parte pequena que é suficiente pola súa puntualidade.

Respecto ao do obradoiro de emprego no Bao, a todos nos parece ben os obradoiros que tivemos sempre e gastamos uns 600000 €, vennos ben e sen embargo non ven ben que fagamos obradoiros para os marxinados e en vez de estar contentos estannos a criticar.

Sobre a morte dese veciño é de "carroñerismo" cada un vive como quere.

A Sra. Fernández González di que a emerxencia social son cousas puntuais pero en axuda no fogar dobramos a partida do ano pasado, e en canto a este señor non lle puidemos axudar por que el non quixo.

O Sr. Agís Gómez di que o Concello soamente aporta 12000 € para o obradoiro e o resto pídesse de subvención, o que dicides é demagóxico.

A Sra. Ligerio Iglesias contesta que saben o que é un programa de emerxencia social. 12000 € para desprazamento e significan que se desplazan pouco e por iso non coñecen os problemas. Na Casa Rosa estaba a traballar con cursos, actividades e non se está a facer política social, para nos hai unha discriminación clarísima nos orzamentos.

O Sr. Barreiro Lubián di que 12000 € para facer 7000 km, e da para recorrer o concello 300 veces ao ano. Criticades sen saber, o importe é máis que suficiente.

O Sr. Moldes Martínez di que as cifras de SS parecen penosas e pódese gastar no que faga falta e preocúpame que vaian a pedir axudas os veciños: sillas de rodas, camas e se lle diga que é imposible conseguilo e que a mesma persoal pola súa conta a consiga. Preocúpame que non se lle dea información aos veciños e que se queren veñen por aquí.

O Sr. Barreiro Lubián di que calquera persoal vai ao SERGAS pide unha cama e consíguea.

O Sr. Alcalde di que na sesión se están a dar datos que lles gustaría contrastar. Gustaríame que a familia do home que morreu estes días escoitar o que hoxe dixestes.

A Corporación por unanimidade **acordou** ratificar o acordo núm. 5116, adoptado pola Xunta de Goberno Local do 21/04/2008, por razón de urxencia de conformidade co disposto no artigo 16.d), do Regulamento orgánico municipal.

3116.- MOCIÓN DO GRUPO BNG "POLO DEREITO A VIVIRMOS EN GALEGO".- Previa ratificación da inclusión do asunto na orde do día, por non ser previamente ditaminada por ningunha comisión informativa, esta quedou incluída por unanimidade na orde do día.

A Sra. Díaz Iglesias di que se trata de adherirse a proposta da mesa de normalización lingüística e da lectura ao manifesto que di textualmente: " Manifesto: **POLO DEREITO A VIVIRMOS EN GALEGO**

As persoas e entidades que apoiamos a manifestación nacional "Polo dereito a vivirmos en galego" este 18/05/2008, declaramos:

1º.- Consideramos que vivir en galego é un dereito inalienábel das persoas na Galiza, é un dos dereitos humanos elementais que temos como pobo. Lembramos que o galego é o único idioma natural de Galiza, e que mesmo o Estatuto de Autonomía o cualifica como a lingua propia do país, o que nos une como galegas e como galegos. O pobo galego ten dereito a que a súa lingua ocupe todos os ámbitos da vida social propios de calquera idioma, con dignidade e con normalidade.

2º.- Consecuentemente, deben existir as garantías para podermos vivir en galego, o que exige compromisos, así como a aplicación e a adopción das disposicións legais necesarias por parte das administracións públicas.

3º.- Denunciamos e alertamos contra os que, apuntándose

agora á defensa dun suposto bilingüismo, un bilingüismo dunha soa cara, pretenden unicamente o mantemento da diglosia e a desaparición do galego,. Ou, o que é mesmo, a negación do dereito colectivo á normalidade de usos da nosa lingua en todos os ámbitos.

4º.-Chamamos ao compromiso persoal de todas e todos coa lingua galega. Usémola en todos os ámbitos: comezando pola familia, coas nosas nenas e nenos, no noso traballo, nas relacións coas administracións, no noso tempo de lecer, etc. O futuro do galego depende de nós."

O Sr. Domínguez Lino di que non se van adherir ao manifesto xa que a CE no seu artigo 3 di que o castelán é a lingual española oficial do Estado. Todos temos o deber de coñecela e o dereito de usala e que as demais linguas serán tamén oficiais nas respectivas CCAA de acordo cos seus estatutos. E remata este artigo no .3 que a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Tamén no estatuto de autonomía de Galicia do ano 81 e no seu artigo 1 di que Galicia, nacionalidade histórica constitúese en CA para acceder ao seu autogoberno, de conformidade coa CE e co presente EA que é a súa norma institucional básica. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito a coñecer e a usar.(artigo 5)

Polo tanto desde o PP, non podemos apoiar dito manifesto.

No punto 1º non estamos de acordo no que di que o idioma galego é o único idioma natural de Galicia, como di a CE e o EA temos dúas linguas oficiais. Outro termo equivocado é cando usan a Galicia, ademais con G de gallego e con C de castelán.

No punto, 2) estamos de acordo en que deben existir as garantías para podermos vivir en galego. Pero tamén deben existir garantías para poder vivirmos en castelán.

No punto 3) xusto con este manifesto, o que demostran e queren obrigar a un bilingüismo dunha sola cara son vostedes, cando falan de dereitos humanos, idioma único, etc.

En definitiva, non podemos coartar a liberdade das persoas. A democracia é vital e debe dar a posibilidade que cada individuo se exprese nun dos dous idiomas oficiais que coexisten Galicia.

Non intenten trasladarnos o rencor que algún sinte ao Castelán, non queremos que a poboación galega sinta ese rencor ao Galego. Queremos un país libre, un país democrático e que cada un poida escoller libremente o que queira expresar:sen obrigas, sen ataduras, sen ameazas, sen imposicións e sen discriminacións, entón poderemos dicir que estamos en liberdade. Respecten ao castelán e polo tanto o galego será respectado.

Non volvamos a épocas pasadas, onde se obrigaba á xente

a falar castelán. Se non lles gostaba e non apoiaban isto, desde logo nos tampouco, non intenten facer agora mesmo co galego, xa que en ambos casos estamos ante unha ameaza á democracia e á liberdade.

Calquera coacción ou imposición debe ser rexeitada, por constituir unha clara vulneración da liberdade individual. El demonizar, como o BNG pretende, a quen non empregue habitualmente o galego, ningunear aos castelán falantes, limitar, o dereito a empregar un idioma oficial está servindo para inaugurar na nosa terra unha nova forma de fascismo. Non podemos permitir desde institucións públicas e os seus representantes impulsar a limitación da liberdades individuais.

A Sra. Díaz Iglesias di que a CE de 1978, recoñece os nosos dereitos autonómicos como nacionalidade histórica e o galego é o núcleo vital da nosa identidade colectiva. O vixente EA de Galiza de 1981 no seu artigo 5 declara que a lingua cooficial é propia de Galiza e establece que os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal do idioma e potenciarán o emprego do galego en todos os plano da vida pública, cultural e informativa e disporá dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. A Lei de normalización lingüística do parlamento de Galiza, aprobada por unanimidade no 1983 establece que o galego é a lingua oficial das institucións autonómicas, da súa administración, da administración local e das entidades públicas dependente da CA, os poderes públicos vense obrigados a promover o uso normal da lingua galega nas súas relacións cos cidadáns, incluídas as corporacións locais, ademais de recoller o deber do coñecemento do galego. Do mesmo xeito, que se prevé no plan xeral de normalización lingüística tamén aprobado por unanimidade polo parlamento xa en setembro do 2004.

Argumentar que os casteláns falantes poidan sentirse discriminados resulta ridículo e paradóxico, cando todos sabemos que son os galego falantes os que toda a vida se viron agraviados polo uso do seu idioma.

No noso país habitualmente moitos testamentos ditanse en galego e escríbense en castelán, moitas declaración xudiciais fanse en galego e aséntanse en castelán, moitas declaracións aos medios de comunicación fanse en galego e publícanse en castelán, moitas compras e vendas negocianse e realízanse en galego, pero factúranse en castelán, moitas persoas monolingües galegas reciben funerais e enterros en castelán.

Non se busca que o castelán deixe de estar presente, senón que o galego deixe de estar ausente, ninguén pretende dificultar a vida de quen en Galiza decida falar en castelán, senón só protexer a quen fala en galego, garantir que cada cidadán galego falante poida exercer o seu dereito constitucional ao uso pleno da súa lingua.

O Sr. Barreiro Lubián di que Galicia ten dúas linguas

oficiais pero se ten unha lingua natural: o galego.

O castelán podemos utilizalo ou non pero temos o deber de usar e coñecer o galego. O Sr. Domínguez nonm coñece a lei porque non fai uso do galego.

Hai unha lei aprobada por unanimidade por todos os grupos políticos no ano 83 (no parlamento) onde se respecta o galego e o Sr. Domínguez non ten respecto ningún ao galego de acordo coa lei aprobada polo seu propio partido e como galego debería de estar orgulloso de falar galego.

A Sra. Besada Lores di que non entendemos que a lingua sexa motivo de confrontación. Nos defendemos o uso do galego seguindo as directrices de normalización. Este manifesto intenta promover a defensa do galego dende a confrontación e a división, e esa é a peor maneira de levar a cabo a protección da nosa lingua.

Os socialistas defendemos que, efectivamente, o galego necesita apoio desde as institucións, e así o ten manifestado en numerosas ocasións o Presidente Touriño. E nesa dirección vai a política do goberno galego, tanto da Consellería de Educación (e ahí estaña o chamado decreto galego), como a da propia Secretaría Xeral de Política Lingüística, seguindo as directrices do plan de normalización aprobado por unanimidade no Parlamento.

A defensa da lingua hai que facela dende o consenso, e non usar a lingua nunca como un elemento de confrontación nin de división.

Os socialistas reafirmamos o noso compromiso coa imprescindible defensa da nosa lingua, o galego. Máis queremos, facer desde políticas activas baseadas no consenso nunca na confrontación.

O Sr. Martínez Blanco di que o peor é que cando se prohibía falar falábase máis. Esta moción calificaría de "light" e bib se di nada distinto do que di a CE. Así que ninguén está confrontado nin dividido nada solo pedimos que se respecten as leis aprobadas polo parlamento no 83.

O Sr. Domínguez Lino contesta que ninguén lle ten que dar clases de galeguismos. A miña familia e máis eu fixemos máis por difundir as culturas e tradicións de Galicia e tan orgulloso me sinto polo galego que como polo castelán. Hai que respectar que cada un se expresa como lle da a gana.

O Sr. Alcalde di que ir polo mundo adiante na sección feminina. Aquí non se pode tratar de obrigar a ninguén senón que se cumpran as normas aprobadas polo parlamento (PP) no ano 83, xa que se están incumprindo. Isto demostra que necesitamos certa normalidade. Aquí non impoñemos nada a ninguén pero pedimos que se cumpra a lei en canto á educación.

O Sr. Moldes Martínez di que cando todas as persoas que non puideran expresarse libremente en galego e pido que non caíamos nos mesmos erros.

Sei dun compañeiro teu que daba literatura española en galego. Por falar, galego ou castelán unha persoa pode sertirse igual galega.

A Sra. Besada Lores di que o manifesto é incidir en algo que xa está aprobado e non entendo tantos manifestos poque ás veces, conséguese un efecto contrario.

O Sr. Villaverde Méndez di que sempre foi amante de falar en galego, na 1ª época de mestre tiñaste que medir un pouco porque non gustaba aos alumnos e aos pais. Esta situación foi avanzando de tal maneira que o último decreto incrementa as asignaturas en galego, por exemplo, as matemáticas. Eu teño, toda a liberdade para entenderme cos meus alumnos e xan non encontro esa liberdade para falar en castelán. En 1º, unha asignatura en galego e a mesma en 2º en castelán, para o ano xa son todas en galego. Con isto quero, dicir que se incrementa de tal maneira a imposición de falalo que é demasiado.

O Sr. Alcalde di que este é un debate que demostra que o pais está vivo e necesita debates sobre o idioma. O problema do galego en moitos campos non existía e o bo é que conviva no noso territorio.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que o debate é máis profundo do que parece, apróbanse leis, normas, etc, e resulta que aquí estamos a discutir que hai que permitir falar cada un o que queira. Resulta que se fan as leis pero resulta que non se está de acordo con leas. Ao mellor se non estiveramos falando deste tema a norma xa estaría esquencida.

A Sra. Nieto García di que lle parece unha imposición antidemocrática e anticonstitucional.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que se sinte galego e non por ser dun partido ou outro hai que sentirse máis ou menos galego.

A Sra. Díaz Iglesias pregunta porque lles parece anticonstitucional o manifesto.

A Sra. Nieto García contesta que lle parece anticonstitucional porque é antinatural.

A Sra. Díaz Iglesias di que se propón que vivades un día enteiro en galego haber se o conseguides. Conseguir unha acta notarial, conseguir unha lápida en galego, pedir gasolina, un rexistro da propiedade en galego, etc

A Sra. Besada Lores di que o PSOE votará en contra porque o galego está regulado e estase a utilizar cada vez máis en Galicia.

O Sr. Alcalde di que hai algo curioso, que todos coincidimos en que o galego está ben e parece que estamos todos contentos.

O Sr. Martínez Nacemento di que estamos abertos a colaborar coa Concelleira en todas as súas propostas.

Sometida a votación a moción presentada polo BNG sobre o dereito a vivirmos en galego esta quedou denegada con 7 votos

a favor (7 BNG) e 10 votos en contra (7 PP e 3 PSOE).

MOCIÓNS URXENTES.- Non se producen

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Prodúcense as seguintes:

O Sr. Domínguez Lino pregunta quen está a soportar os gastos de luz, auga, alugueres e comunidades dos veciños realoxados.

Así mesmo, o Sr. Domínguez Lino formula o seguinte rogo: pasados uns días do último pleno, limos da prensa las declaracións de varios veciños que asistiron a ese pleno, os cales manifestaron que foran insultados e empuxados ou sofrifo "cortes de manga" por algún membro desta Corporación. Para que se esclareza todo isto, Sr. alcalde, desde o PP rogámoselle que se axilice unha investigación interna e que cona celeridade que envío tanto ao fiscal como á subdelegación o informe dos feitos acontecidos no devandito pleno; envíe urxentemente o informe correspondente a estes casos xa que se isto non é verdade, que os membros que formamos parte desta corporación quedemos libre de toda culpa.

O Sr. Alcalde contesta que os datos qu hai non corrobora esas declaracións. En todo caso se alguén se sentiu agredido/a ten os mesmos mecanismos que tivemos os demais para defenderse.

3117.- COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE E DA CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL SOBRE O REALOXAMENTO DO BAO.- Con data 26/04/2008, o Grupo Municipal do PP presenta escrito solicitando a comparecencia do Sr. alcalde e da concelleira de benestar social para informar sobre os acontecementos do realoxamento do Bao.

Comeza a comparecencia o Sr. Alcalde dicindo, en relación coas novidades da Comisión do Bao, di que se está a traballar nos realoxos mediante a creación dunha Comisión Técnica e Política. Nesta comisión están representados os colectivos afectados e de ahí sairán as propostas.

Sobre o plantexamento da marcha atrás nos realoxos, o concello non se plantexa esa posibilidade e entendemos que non se está a difundir ningún tipo de discriminación, hai unha comisión que está a traballar e adoptará propostas que se farán saber pero primeiro hai que debatilas.

A Concelleira de Benestar Social adhirese ao manifestado polo Sr. alcalde.

O Sr. Domínguez Lino procede a dar lectura a unhas declaracións publicadas ás que o Sr. alcalde pensa o mesmo.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria xeral, dou fe.